

4. A Lúa e os seus movementos.


A Lúa, o único satélite da Terra, xira arredor do noso planeta e acompáñao arredor do Sol.

É unha esfea de rocha bastante máis pequena que a Terra, non ten auga, aire nin seres vivos.

AS FASES DA LÚA.

A Lúa non produce luz. Vémola brillante no ceo porque reflicte a luz que recibe do Sol.
O Sol non ilumina toda a Lúa, só unha parte: a **METADE** dela, e desde a Terra só vemos esa parte **ILUMINADA.**
Debido aos movementos da Terra e da Lúa, cada día vemos a Lúa cunha parte maior ou menor dela iluminada polo Sol, o que lle da distintos aspectos que chamamos **FASES LUNARES.**

As **FASES LUNARES** son as diferentes formas coas que vemos a parte iluminada da Lúa desde a Terra.
As fases lunares ocorren nesta orde:
1. Cuarto crecente
2. Lúa chea.
3. Cuarto minguante.
4. Lúa nova.





Sabías que...
Sempre vemos a mesma cara da Lúa e que tarda 27 días e un pouquiño máis (27,32 días) en dar unha volta sobre si mesma.



1. **Pensa** e responde.

- ❑ A Lúa é o noso .....
- ❑ A Lúa ten luz propia?
- ❑ 3. Cales son as fases lunares?
- ❑ 4. Cantos días tarda a lúa en dar unha volta sobre si mesma?
- ❑ 5. Podemos ver as dúas caras da Lúa?

2. **Mira** este vídeo:

Fases da Lúa con galletas OREO.



3. Observa todas as fases da lúa e despois fainas ti! Bon proveito!



4. Mira este vídeo.